

**MARCO A. GARCÍA-GABILÁN SANGIL, LICENCIADO EN DEREITO E SECRETARIO DO CONCELLO DO CORGO (LUGO)**

**CERTIFICO:** Que o Sr. Alcalde, en data 3 de xullo de 2015, ditou a Resolución que de seguido se transcribe:

***"DECRETO /15. O CORGO, 3 DE XULLO DE 2015***

*Os Tenentes de Alcalde, órganos individuais de natureza necesaria en tódolos concellos, asumen a misión específica de substituír ao Alcalde en casos de vacante, ausencia ou enfermidade.*

*Así, o art.. 23.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, establece: "os Tenentes de Alcalde substitúen, por orde do seu nomeamento, ó Alcalde, sendo libremente designados e revocados por este de entre os membros da Xunta de Goberno Local e onde esta non exista, entre os concelleiros".*

*Á vista da norma citada e do art. 59 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 46 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola presente RESOLVO:*

*1.- Nomear Tenentes de Alcalde ós seguintes concelleiros:*

*D. Felipe Labrada Reija.*

*D. Marcos Trashorras Reija*

*D<sup>a</sup> María del Mar Gómez Gómez*

*2.- Establecer, ós efectos de substitución na totalidade das funcións desta Alcaldía, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, así como para desempeña-las funcións do Alcalde nos supostos de vacante, ata que tome posesión o novo titular a seguinte orde, atendendo ó seu nomeamento:*

*Primeiro Tenente de Alcalde: D. Felipe Labrada Reija*

*Segundo Tenente de Alcalde: D. Marcos Trashorras Reija*

*Terceiro Tenente de Alcalde: D<sup>a</sup> María del Mar Gómez Gómez*

*Tal substitución, de producirse, terá en conta as salvedades previstas no art.. 47, parágrafos 2º, 3º e 4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como o límite que establece o art.. 48 deste regulamento.*

*3.- Nomear ós concelleiros citados membros da Xunta de Goberno Local.*

*4.- Manter a delegación de competencias delegadas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local por Resolución do 21 de xullo de 2003 e 23 de xuño de 2011.*

*5.- Publicar a parte dispositiva desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, notificar aos interesados e dar conta ó Pleno."*

Para que conste, expido a presente, co visto e praxe do Sr. Alcalde, no Corgo, a 16 de novembro de dous mil quince.

O SECRETARIO,

Vº E PRACE,  
O ALCALDE,

José Antonio Ferreiro González